

Ana Pontón reclama desde Culleredo melloras nos centros educativos e nas conexións coa AP9 e a Terceira Rolda



A portavoz nacional do Bloque Nacionalista Galego, Ana Pontón, realizou unha visita ao noso concello onde, acompañada do portavoz municipal, Tono Chouciño, interesouse por dous dos problemas máis relevantes para o futuro de Culleredo: o grave recorte na calidade dos servizos educativos e a demanda de melloras na mobilidade que respecten a veciñanza de Culleredo.

Da man de representantes das ANPAS, Ana Pontón escoitou como a falta de planificación a longo prazo leva a que un instituto recién construído, o IES Rego de Trabe, sexa xa insuficiente e estea ategado de alumnas e alumnos, incumprindo as ratios de alumnado máximo marcadas por lei. Mentres tanto, o novo colexio nace con menos de 100 prazas de escolarización ocupadas, das 450 para as que foi deseñado. Esiximos que o goberno municipal exerza de motor para reclamar da Consellería de Educación un Mapa Escolar que dea sentido ao futuro educativo de Culleredo e que permita recuperar servizos que foron roubados ao alumnado.

A segunda cuestión da visita centrouse na mobilidade, xa que o BNG reclama unha conexión directa de Culleredo coa AP9 e a conexión co aeroporto e a Terceira Rolda a través da área de servizo do Burgo.

Sabías que...?

★ O BNG logrou o apoio de todos os grupos do Parlamento de Galiza para reclamar 46 millóns euros para o saneamento integral da Ría do Burgo. Tamén trasladamos a situación dos bancos de marisqueo na nosa Ría á Unión Europea, a través da nosa Eurodeputada Ana Miranda, que foi acompañada no Parlamento Europeo da nosa veciña Teresa Ramiro como membro da Confraría de Mariscadoras da Ría do Burgo.

★ O BNG de Culleredo solicitou á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta e ao Concello a inclusión das quintas históricas que perviven no Portádegos nos seus catálogos de bens protexidos, pola súa singularidade histórica, e a súa situación á entrada do Camiño Inglés no Concello.

★ O BNG de Culleredo solicitou investigar as irregularidades nas obras do Río Trabe, das que o servizo do PACPRONA da Garda Civil dou traslado ao Xulgado, e obtivo o apoio de todos os grupos da oposición agás a Marea e Ciudadanos que ao absterse facilitaron que a proposta fose rexeitada polo PSOE.

★ Tono Chouciño renunciou ao cobro da indemnización por asistencia ao Pleno Extraordinario celebrado o 18 de setembro, o segundo Extraordinario dese mes, que tiña como único punto da Orde do Día a renuncia de dous Concelleiros do Partido Popular e que durou apenas uns minutos, por non parecerlle moralmente lícita esa percepción.

★ O BNG de Culleredo reclamou unha vez máis que se poña en marcha a renovación do contrato do subministro de auga potábel, en precario desde 2015. Reclamamos que se inclúan compensacións para os días nos que o servizo non cumpra os mínimos de calidade: cortes de subministro sen previo aviso, turbidez na auga...

★ O BNG pediu a mellora do sistema de recollida de pluviais nas Naveiras (Sésamo) nos orzamentos do 2016, e nen se incluíu a obra neses orzamentos nen o Goberno do PSOE cumpriu as súas repetidas promesas de realizala.

Voceiro de Culleredo



Distribución: Publibuzón de Correos Novembro 2018

“O goberno municipal é incapaz de aproveitar as propostas do BNG para o progreso de Culleredo”

Tono Chouciño, portavoz do BNG de Culleredo, examina en páxinas interiores o estado actual do Concello, caracterizado pola parálise do goberno do PSOE, incapaz de aproveitar a nosa oposición construtiva.



ANA PONTÓN REIVINDICA EN CULLEREDO MELLORAS EN EDUCACIÓN



A Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, visitou Culleredo para coñecer da man de representantes das asociacións de nais e pais os problemas de masificación nos centros educativos de primaria e secundaria de Culleredo e a reclamación de melloras nos servizos que estes ofertan. Pontón declarou a súa intención de loitar no Parlamento galego polo cumprimento da legalidade nas ratios de alumnado e os servizos de comedor con cociña.

Apoiamos as reivindicacións veciñais para definir o futuro do Aeroporto de Albedro.

O BNG de Culleredo presentou ante a Dirección Xeral de Aviación do Ministerio de Fomento unha serie de alegacións propias á proposta de revisión do Plan Director do Aeroporto de Albedro, complementando as presentadas polo Concello, que igualmente subscribimos. Entre as propostas presentadas polo BNG reivindicamos unha franxa mínima de 8 horas sen actividade para garantir o dereito ao descanso da veciñanza, a completa aplicación das normativas de seguridade e a constitución dun Sistema Aeroportuario Galego que poña sentido ao desenvolvemento dos aeródromos.

Somos xente traballadora, non podemos estar en todas as festas nin churrascadas, pero sempre estamos dispoñibles para dar voz ás túas demandas.

culleredo.bng.gal
 culleredo@bng.gal
 Culleredo BNG
 @culleredobng

Súmate ao BNG!

Construamos un Culleredo máis xusto e participativo. Se estás interesado en colaborar co BNG de Culleredo escríbenos a culleredo@bng.gal

Para recuperar o orgullo de vivir en Culleredo debemos rachar con gobernos esgotados, máis atentos a sair na foto que a desenvolver un proxecto de futuro.

Editorial de Tono Chouciño, portavoz do BNG de Culleredo

O cambio de alcalde en Culleredo non trouxo mudanzas nas formas nin no fondo das políticas municipais. Máis ben ao contrario, empeorou o que había. Hai **parálise** nos servizos básicos e o goberno municipal conxuga o **futuro imperfecto** permanentemente: construír, proxectar, habilitar... con grande desprezo de recreacións por ordenador que non se converten en realidade e que non dan un só paso na tramitación.

Bulevar de Vilaboa, cubrición das vías do tren no Burgo, senda verde pola vía do tren abandonada de Orro a Boedo... todo son promesas mentras os grandes temas están parados, como o **PXOM que ía estar aprobado antes do final de 2017**, e non ten trazas de que se aprobe neste mandato.

Seica a proposta veciñal de facer unha nova exposición pública, que o BNG segue a apoiar, retrasaría a aprobación do Plan Xeral, mais **o Plan segue sen se aprobar e o Goberno do PSOE tenta derivar as súas responsabilidades aos funcionarios**, incapaz de explicar o retraso e posible paralización, que tería graves consecuencias pola aparición de novas ameazas para o que se leva feito, coma a nova revisión do Plan Director do Aeroporto de Albedro. Entre as alegacións formuladas polos veciños no 2013 hai dúas baseadas en convenios que son rexeitadas porque o convenio non ten eficacia, porque non seguiu a tramitación que deba e é un papel mollado tramitado por un alcalde que enganaba á veciñanza, e ao que lle segue dando continuidade o actual.

Nen sequera son quen de contratar os servizos públicos básicos conforme á lei. Así, en Culleredo temos o servizo da auga potable sen contrato vixente desde 2014, a limpeza viaria desde 2012, varios de xardinaría, os desbroces e limpeza de cunetas, tan necesitados de planificación, sen contrato desde 2016, o de atención a domicilio... Centos de miles de euros anuais pagados a empresas sen contrato vixente, coa perda de concorrência, que podería permitir rebaixas nos custos que repercutirían en novos investimentos e servizos para a veciñanza.

A nefasta xestión económica é xeral, e non queda só na contratación dos servizos. Xa temos contado nos nosos



boletíns o que pasou co Centro Loxístico de Transportes, ou coa parcela para o colexio Ría do Burgo. Hoxe xa hai máis para contar. Bota un ollo á seguinte páxina...

O novo alcalde dixo cando entrou que se abriría unha **nova etapa de transparencia, pero o BNG tivo que recorrer á Valedora do Pobo para ter acceso aos convenios** que teñen incidencia na planificación urbanística, contradicándose así desde o minuto cero do seu mandato.

Fronte a este escurantismo reinante, atopámonos con que moitas veces a xente dinos que Culleredo debería contar coa **participación veciñal** para facer propostas como estamos vendo noutros Concellos. En Culleredo temos isto regulamentado desde hai anos, o problema é que co Goberno do PSOE non van máis alá do papel. As ordenanzas municipais recollen a posibilidade de que unha parte do orzamento sexa decidida pola veciñanza pero á hora de levar isto á práctica ninguén o coñece e ninguén sinte que sexa así. Desde o BNG imos divulgalo e impulsalo tamén este ano como fixemos nos anteriores. Por nós non vai quedar.

Precisamos acreditar en que **as cousas poden ser doutra maneira. Mellor, moito mellor.** Que o estado natural das cousas non é este. Que **a veciñanza de Culleredo, das máis novas do país, é quen de botar a andar un proxecto onde todos e todas poidamos sentirnos orgullosos de vivir nun concello con servizos á altura dos mellores.**

**Información de Culleredo.
Veraz. Con datos. Na túa man.
Visita culleredo.bng.gal**



O GOBERNO MUNICIPAL DEIXOU SEN COBRAR O CANON DE 24.000€/ANO Á EMPRESA CONCESIONARIA DA GARROCHA DESDE HAI UNHA DÉCADA

Ao pago con cargo ás arcas municipais de máis de 1.500.000€ a unha promotora inmobiliaria pola nefasta xestión dun convenio, e á sangría de cartos derivada dos servizos sen contrato acumulados, súmanse agora máis de 250.000€ que o Concello nunca se molestou en cobrar á empresa xestora da Garrocha.



De acordo coa información sobre a que o BNG de Culleredo leva alertando durante anos, **non consta ningún pago desde hai anos das anualidades do canon da Garrocha**, que ascenden actualmente a 24.000€ anuais. **Tampouco consta a resolución do expediente de reversión iniciado en 2012 precisamente por impago do canon, por un importe acumulado que xa superaba daquela os 120.000€.** Ademais de incumplir as obrigas económicas, tamén


se fai evidente o incumprimento doutras obrigas referidas ao mantemento das instalacións e aos servizos que a concesionaria está obrigada a ofertar.

Tono Chouciño interpelou no Pleno aos concelleiros con responsabilidades nas áreas afectadas (Contratación, Deportes, Sanidade...), entre os que figura o propio Alcalde, sen obter contestación pola súa parte, como vén sendo habitual.

O aval bancario de 120.000€ que o Concello aínda non reclamou e que podería ter executado hai moito tempo, segundo consta no contrato, cun só aviso á entidade bancaria, non cubrirá nin a metade da cantidade adebedada.

O BNG constata unha vez máis que para o actual goberno local non todos os cidadáns somos iguais no que ao pago de tributos se refire, e seguirá a reclamar que se investiguen as responsabilidades políticas da falta de vixianza no cumprimento dos contratos que deriva nunha nova perda de cartos públicos para Culleredo.

As túas propostas para Culleredo poden facerse realidade!



Desde 2008, e polo esforzo e insistencia do BNG, está recollido no Regulamento Municipal a existencia do Consello Xeral de Participación Cidadá coa capacidade de elevar propostas ao orzamento por valor do 25% das inversións do Concello.

Tomando como referencia o orzamento para 2018, falamos dunha cantidade de aproximadamente 1.200.000 euros, que é obrigado destinar anualmente **a propostas realizadas pola veciñanza**, a través de calquera asociación, que deben ser informadas e valoradas por técnicos municipais e aprobadas polo Consello Xeral de Participación Cidadá

antes de ser incluídas nos Orzamentos Municipais e ser aceptadas polo Pleno da Corporación.

Nestes anos pasados o Goberno Municipal do PSOE optou pola manipulación, e en lugar de informar, fixo pasar por veciñais propostas nas que o goberno tiña interese. É moi importante que a cidadanía de Culleredo bote a andar pola senda da participación para acadar a dignidade e o respecto que merecemos.

Se precisas de axuda para que a túa proposta forme parte deste procedemento non dubides en poñerte en contacto co Bloque Nacionalista Galego de Culleredo.